




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Illas Atlánticas Exteriores. Municipio: Bueu. Parroquias: San Xoaquín da Illa de Ons, anexo parroquial de Santa María de Beluso. Extensión: 1,8 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Fachada costeira interior da Illa de Ons na que se observan tramos acantilados de potencias medias e baixas e areais con plataformas rochosas frontais. Cabe destacar que as praias que alcanzan maior desenvolvemento sitúanse na parte central, Área dos Cans e das Dornas, e no extremo setentrional da unidade (praia de Melide). Esténdese a continuación a vertente de pendente moderada ata a liña divisoria que de norte a sur atravesa os altos da Cerrada, de Ons e do Alto. Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade está claramente dominada por unha composición litolóxica baseada en granitos de feldspato alcalino que presenta numerosas fracturas, xeralmente de dirección O.-E. Aínda que en sentido N.-S. tamén aparecen numerosas manifestacións de micaxistos, cuarxistos e paragneises pertencentes ao Complexo de Cabo Home – A Lanzada, que habitualmente se presentan en forma de lentellóns. Na parte interior da illa preséntanse pequenas áreas ocupadas por áreas de praia e depósitos de socalcos pleistocenos, que en conxunto constitúen os materiais cuaternarios da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo de costa insular con réxime ombrotérmico cálido e húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais por riba dos 150C; a amplitude térmica rolda os 130C e as precipitacións medias acumuladas oscilan entre os 1200mm e 1400mm ao ano.

OS SOLOS

A diferenza da parte externa da illa, nesta vertente o perfil é menos abrupto e escarpado polo que se forman solos máis evolucionados con perfís profundos de tipo cambisol dístico, localizados principalmente no sector central da unidade. Non obstante cara os extremos norte e sur a topografía volve condicionar a edafoxénese, impedindo o desenvolvemento dos solos máis alá dos novos regosoles e leptosoles líticos. A liña de costa tamén presenta ambientes sedimentarios, ao xeito de pequenas praias, nos que se desenvolven arenosoles.


AS AUGAS

Se ben a parte interior da Illa de Ons presenta unhas pendentes polo xeral máis suaves, non hai lugar para o desenvolvemento da súa rede hidrográfica. Simplemente podería citarse unha pequena valgada cuxa desembocadura sitúase na praia das Dornas. A masa de Augas Costeiras da unidade identifícase co código 20151.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Unidade de dominio acantilado, pero con sectores sedimentarios. Aparecen os hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Nas praias de Melide e Canixol aparecen pequenas áreas dunares remontantes (grupo 21, dunas marítimas atlánticas). Nas vertentes dominan os hábitats 4040, breixeiras secas atlánticas de Erica vagans e 4030, breixeiras secas europeas, pero nas valgadas e alvéolos aparecen breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix (hábitat 4020). Citas dos taxons protexidos Citysus insularis, Linaria arenaria e Rumex rupestris. Os antigos campos de cultivo foron o xerme de pequenas masas de frondosas en recolonización, que nos fondos de Pereiró e Cucorno únense a efectivos de orixe ripícola (91E0). Neste último lugar unha masa de frondosas parece máis ben proceder dun antigo souto-carballeira (9260-9230).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O principal uso das illas, especialmente dende a súa declaración como Parque Nacional Illas Atlánticas en 2002, é o turístico que xunto coa actividade pesqueira e marisqueira é o principal sustento económico da poboación vinculada a Ons. Os usos artificiais presentes nesta unidade están relacionados principalmente co sector servizos (restaurantes e cámping) xunto cunha minoría de vivendas actualmente de segunda residencia. No resto do contorno predominan as formacións vexetais costeiras, areais e cantís, salpicados por algunhas manchas de bosques autóctonos e de repoboación.

MORFOLOXÍA

Malia a súa ausencia de antropización, esta unidade constitúe a zona máis humanizada da Illa de Ons, os seus asentamentos corresponden a construcións de carácter tradicional vinculadas ás actividades mariñeiras e antano tamén a actividades agrícolas. Distribúense por todo o contorno de forma dispersa apoiados nos camiños que articulan a unidade. Nos nosos días a maior parte destas vivendas foron restauradas para acoller outros usos, residenciais ou turísticos. Así, por exemplo, en Chan da Pólvora atópase un cámping e no Pereiro un campamento xestionado pola Xunta de Galicia. O asentamento tradicional de maior entidade é O Curro, próximo ao peirao. Tamén teñen certa entidade e forma compacta Cucorno, preto do faro de Ons e Canexol onde se encontra o antigo cemiterio.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal e única vía pavimentada é a que se dirixe dende o peirao ata o Faro de Ons, dende ela e á altura da Igrexa parroquial de San Xoaquín, bifúrcase un camiño de terra con rodeiras, que transita paralelo á costa pasando polo asentamento de Canesol ata chegar ao Pereiro. Outro camiño importante é o que se dirixe cara ao norte tamén paralelo á costa e que dá acceso á Praia de Melide. O resto da rede viaria está composta por camiños de terra que comunican o territorio. Cómpre destacar o peirao de atraque existente na súa fachada litoral que acolle a pequena flota de baixura que pesca nas súas augas e os barcos que en época estival transportan viaxeiros dende os concellos próximos, sendo a vía marítima e aérea (heliporto situado no faro), a única maneira de acceder ao arquipélago.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A illa xa estaba habitada na Idade do Bronce, como teñen posto de manifesto os numerosos achados de materiais desa época encontrados por toda a superficie insular. Hai catalogados dous castros, o Castelo dos Mouros e a Cova da Loba e dous hórreos en Canexol. Como elementos patrimoniais non rexistrados temos un sepulcro antropomorfo e restos do que puido ser o mosteiro. A principios do século pasado instalouse unha salgadeira nos arredores do peirao, que actualmente alberga outras dependencias. Un dos aspectos destacados da illa é o coñecemento sobre plantas medicinais, a cultura insular é tamén rica en supersticións e mitos, como a Santa Compañía. Outro elemento cultural importante, especialmente en Ons, é a dorna, unha embarcación tradicional cuxo orixe relaciónase coas primitivas naves normandas. A adaptación ao noso contorno dou lugar a unha embarcación moi estable, usada especialmente na parte exterior das rías, que tradicionalmente se manexaba a remo ou con vela latina.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade xunto coa de Ons exterior e Onza, constitúen o arquipélago das Illas Ons. Este arquipélago presenta unha gran riqueza natural e paisaxística, ademais posúe unhas características socio-histórico-etnográficas que, xunto coa súa arquitectura popular mariñeira, a súa gastronomía e a súa inclusión no primeiro Parque Nacional de Galicia, convérteno nun gran atractivo turístico. Nesta unidade localízanse os únicos asentamentos presentes no arquipélago debido a que o territorio é menos abrupto e a súa orientación cara o interior da ría resgárdao das treboadas que azoutan a illa. Poderíamos dicir que dende esta unidade organizase a da cara exterior, constituíndo o corazón da illa.

DINÁMICA DA PAISAXE

A principal dinámica observada é o abandono das terras de cultivo como consecuencia da emigración da poboación insular ao continente e da reconversión xeral do arquipélago cara o uso turístico. Este novo uso leva consigo a ampliación das súas infraestruturas viarias e servizos (pasarelas de madeira, posto da Cruz Vermella, colectores de lixo...).


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O arquipélago de Ons forma parte do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a contrastada paisaxe verde azulada que a caracteriza, está, polo feito mesmo de ser illa, fortemente influenciada e ligada ao mar. Neste contexto, é doado entender que o valor ecolóxico do medio mariño sexa incalculable, e que entre as súas augas se conserven algúns dos exemplos máis representativos de ecosistemas mariños atlánticos, os cales atesouran unha gran riqueza biolóxica. O medio mariño do parque é un mosaico de hábitats distintos que sustentan unha extraordinaria diversidade de especies de flora e fauna. En canto ao medio terrestre, fortemente influenciado tamén pola proximidade do océano, destacan os sistemas dunares, os acantilados e as matogueiras de toxo e breixo. Tamén na parte emerxida das illas encontramos hábitats considerados de interese comunitario ou prioritario polas directivas europeas. Encontramos no contorno moitos puntos de elevada calidade paisaxística (vistas da ría ou das illas veciñas, covas ou postas de sol, imaxes mariñas de rompentes, penedos de granito modelados pola erosión, etc.). Esta unidade presenta a paisaxe máis humanizada do arquipélago. Os puntos dende os que se obteñen mellores panorámicas do litoral e do conxunto do arquipélago son o miradoiro de Fedorento, o Faro de Ons e o Monte Centolo. Nos días despexados tanto esta unidade coma o resto de unidades que se encontran dentro do sector de Illas Atlánticas son observables dende os miradores de A Curota (Concello de A Pobra) ao norte e A Grova (Concello de Baiona) ao sur.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



